

# CATÁLOGO ESCÉNICAS 2024

CULTURACTIVA



# ESCÉNICAS

## ESTADO / INTERNACIONAL / VÍA LÁCTEA

- Yllana
- Leo Bassi
- Pepe Viyuela
- Okidok
- Al Hilo Teatro
- Las Ansiadas Produciones
- Joan Estrader
- Rafa Maza
- Yarleku
- Mar · mar Teatro
- Adrián Conde
- Colokolo - Circo Urbano Marroquí
- Cía Orain Bi
- Kanbahiota
- Col.lectiu F.r.e.n.e.t.i.c
- Vol'e Temps
- La Banda
- Circo no ato
- La Finestra
- Cía Malabo
- Comedia de*Sastre
- Amontonados por azar
- Trotamundos
- Tchyminigagua
- Jam
- Eddy Eighty
- Javi Javichi
- Xabi Larrea
- Máximo Óptimo
- La Pulpa
- Pablo Muñoz
- David Acera



# ESTADO / INTERNACIONAL / VIA LÁCTEA

# YLLANA
## War baby

**DIRECCIÓN: DAVID OTTONE, JOE O'CURNEE**
**ELENCO: ELENCO: FIDEL FERNÁNDEZ, JUANFRAN DORADO, LUIS CAO, JONY ELÍAS, RAÚL CANO CANO**
**PROCEDENCIA: MADRID**

Ao máis puro estilo Yllana, a sátira antibelicista War Baby trasládanos a un centro de reclutamento militar no que un grupo de despistados reclutas son entrenados para unha disparatada guerra que orixinou o líder do país, que resulta ser un bebé consentido e belixerante.

**PÚBLICO: ADULTO**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 75'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTACULOS



# YLLANA
## Passport

**DIRECCIÓN: FIDEL FERNÁNDEZ**
**ELENCO: CÉSAR MAROTO, RUBÉN HERNÁNDEZ, SUSANA CORTÉS, EDU FERRES**
**PROCEDENCIA: MADRID**

Passport é a historia de 4 cómicos de xira por un país chamado Komedistan. Os problemas na aduana para entrar no país, o conflito co idioma nun restaurante, hospedarse nun hotel desastroso e o antes e despois dunha función resumen a experiencia de traballar no estranxeiro.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 90'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS




CULTURACTIVA

# LEO BASSI
## 70+

**DIRECCIÓN: LEO BASSI**
**ELENCO: LEO BASSI**
**PROCEDENCIA: ITALIA**

“Se alguén me dixese cando tiña 20 anos que aos meus 70 estaría cheo de proxectos e con máis ganas de vivir que nunca, consideraríao un tolo ou malintencionado. Entón tiña claro que a vida creativa era unha explosión da miña forza vital xuvenil e que pasados os 50 estaría esgotada.
Chegar a ter máis de 70 anos non entraba nos meus plans. Agora, fronte a unha realidade que non podo negar, teño máis de 70 anos! Quedo totalmente asombrado polas enerxías que descubro a diario en min e quero celebralo… co meu querido público!”

**PÚBLICO: ADULTO**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 70’**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS




ESTREA E ESTREA

CULTURACTIVA

# PEPE VIYUELA
## Encerrona

**DIRECCIÓN: PEPE VIYUELA**
**ELENCO: PEPE VIYUELA**
**PROCEDENCIA: LA RIOJA**

As verdadeiras obras de arte nunca pasan de moda e seguen conservando toda a súa forza co paso dos anos. Encerrona é unha obra de arte que xa forma parte historia do humor no estado español, nunca pasará de moda e segue sendo tan impresionante como o primeiro día.
O gran mestre Pepe Viyuela lévanos a hora e media de risas, golpes, malentendidos e solucións inesperadas cun espectáculo de enorme calidade ao nivel cos mellores clowns do mundo.

**PÚBLICO: ADULTO**
**ESTILO: CLOWN**
**DURACIÓN: 75'**

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

# OKIDOK
## In Petto

**DIRECCIÓN: XAVIER BOUVIER, BENOÎT DEVOS**
**ELENCO: XAVIER BOUVIER, BENOÎT DEVOS**
**PROCEDENCIA: BÉLXICA**

OKIDOK redescubre o traballo dun dúo de pallasos non verbal, guiado por un teatro xestual cunha estética asertiva. O carro que os acubilla, ao mesmo tempo vivenda, albergue e promontorio, está en equilibrio inestable no único eixe das súas dúas rodas. Tratarán de buscar un compromiso, un equilibrio precario, unha solución salubre que lles permita continuar o seu camiño, o camiño da súa vida.

**PÚBLICO: ADULTO**
**ESTILO: CLOWN**
**DURACIÓN: 45'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



# AL HILO TEATRO

## Segismundis e Semiramis

**DIRECCIÓN: IVÁN PRADO**
**ELENCO: CATA CUTANDA, LAURA TORREGROSA**
**PROCEDENCIA: ALBACETE**

Paca e Paca atópanse nos camiños dos Pirineos, directas ao exilio. Fuxindo dos bombardeiros franquistas, unha combatente republicana e unha cabareteira unidas pola derrota e o amor ao teatro de Calderón de la Barca. No medio da nada e perseguidas por todo, estas dúas mulleres fortes e apaixoadas establecen un diálogo onde se mesturan as súas vidas e as súas paixóns.

**PÚBLICO: ADULTO**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 80’**

+INFO >VÍDEO



# LAS ANSIADAS PRODUCIONES
## Big Boy

**DIRECCIÓN: MARIO RUZ MARTÍNEZ, JOSÉ LUIS MONTIEL CHAVES, DAVID ROLDÁN ESPEJO**
**ELENCO: JOSÉ LUÍS MONTIEL CHAVES, MARIO RUZ MARTÍNEZ**
**PROCEDENCIA: MADRID**

Unha trepidante historia con máis de 100 personaxes e só dous actores, que conseguen levarnos dende a primeira guerra mundial ata a máis luminosa Nova Iorque, pasando por historias cargadas de emoción, amizade, loita, entrega, superación... e boxeo.

**PÚBLICO: ADULTO**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 70'**

+INFO >VÍDEO



# JOAN ESTRADER
## Meloncolía

**DIRECCIÓN: JESÚS PEÑAS**
**ELENCO: JOAN ESTRADER**
**PROCEDENCIA: CATALUÑA**

*FINALISTA DO FESTIVAL TALENT MADRID.*
Un espectáculo surrealista cargado de xogos de palabras onde o disparate, o humor e o absurdo comparten a mesma mesa para transportar ao público a un estado "meloncólico". Joan Estrader é un dos xenios do humor absurdo coñecido por ser parte de Pez en Raya, de crear espectáculos como Mr Kebab e de levar 30 anos facendo rir desde a intelixencia e a sensibilidade máis estúpidas.

**PÚBLICO: ADULTO**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 60'**

+INFO >VÍDEO



# RAFA MAZA
## Fabiolo connection

**DIRECCIÓN: RAFAEL MAZA**
**ELENCO: RAFAEL MAZA**
**PROCEDENCIA: ARAGÓN**

Fabiolo, o pijo máis irreverente dos cinco continentes, é contratado para dar clases de tenis á fila do xeque dun poderoso emirato árabe. Subxugado por unha atmósfera de mil e unha noites, o noso pijo preferido descubrirá o misterio dos algoritmos, hackers que se fan pasar por xeques e aquilo que se agocha detrás dun mundo tecnolóxico que nos obriga a estar conectados a unha dobre realidade.

**PÚBLICO: ADULTO**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 90'**

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

# YARLEKU
# La niña 104

**DIRECCIÓN: JOKIN OREGI**
**ELENCO: EVA AZPILIKUETA, LAURA VILLANUEVA**
**PROCEDENCIA: NAVARRA**

A nena 104 vive nun orfanato e desexa ser adoptada. Neste espectáculo fálasenos da explotación infantil, das identidades e da importancia do apoio mútuo para afrontar situacións difíciles.

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO



# MAR · MAR TEATRO

## Un pez en el corazón

**DIRECCIÓN: JAVI TIRADO, MAR · MAR TEATRO**
**ELENCO: IRENE HERNANDO, ARITZA RODRUIGUEZ, MAITANE SERRANO**
**PROCEDENCIA: EUSKADI**

Marti non sabe onde viven os medos, vive nunha vila costeira con cheiro a salitre. O seu pai é mariñeiro e pasa moito tempo no mar. Un día gris espérao no porto e sorpréndeo unhah gran tormenta que a tira ao mar. Marti comezará unha viaxe profunda ao longoo do fondo mariño, parra iso terá que apprender o idioma dos medos e dos peixes

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

# ADRIÁN CONDE
## Check-out

**DIRECCIÓN: ANACELIA ÁLVAREZ**
**ELENCO: ADRIÁN CONDE**
**PROCEDENCIA: ASTURIAS**

*PREMIO DO CAMPEONATO LATINOAMERICANO FISN 2017.*
*PREMIO DO CAMPEONATO DO MUNDO DE MAXIA 2014.*
*SELECCIONADO EN FETEN 2021*

Adrián Conde achega un deses espectáculos marca da casa. Moito humor, clown de calidade e un bo nivel máxico mesturados para sacar un espectáculo moi divertido para todos os públicos e espazos. A historia conta a vida dun home que ten unha vida rutinaria, un botones que non ten tempo para estar coa súa familia e que aspira a ter un traballo mellor para cumprir o seu desexo.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 60’**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



# COLOKOLO - CIRCO URBANO MARROQUÍ

## Chouf le ciel

**ELENCO: HAMZA BOUSSAHEL, HASSAN BOUCHONTOUF, ISMAIL LAHBILA, BADER EL LAOUAZ, ABDELALI KHOBBA**
**PROCEDENCIA: MARROCOS**

Malabares, acrobacias, danza e, de súpeto, explosivos voos de altura. Neste espectáculo rise, písase forte, contense a respiración, mírase cara abaixo. E logo bailas. A música é cinematográfica, a escritura acrobática, o circo marroquí, sen reviravoltas.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50’**

+INFO >VÍDEO



# CÍA ORAIN BI
## Mute

**DIRECCIÓN: CORAL GRACIANI, KIKE AGUILERA**
**ELENCO: RODRIGO LACASA, SARA ÁLVAREZ**
**PROCEDENCIA: EUSKADI**

*PREMIO AO MELLOR ESPECTACULO DE EUSKADI EN UMORE AZOKA 2022.*
"…e un día o pasado volveu ás nosas vidas e fíxonos reencontrarnos con todo aquilo que sentimos noso. Volvemos vernos no noso teatro, todo cuberto polo po que delataba o paso dos anos, e mentres reviviamos os nosos números de circo transformados a esta nova vida, produciuse a maxia de sentir que nós mutabamos ao unísono!!!" A mutación é unha constante. Que non só muten os bichos. Mutemos as estruturas e tamén nós, as persoas, para seguir avanzando, para chegar máis lonxe, máis alto; o máis difícil aínda!!!

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 45'**

+INFO >VÍDEO



# KANBAHIOTA
## Volando ... vengo

**ELENCO: ABRAHAM PAVÓN, ROSSINA CASTELLI, MARCOS GARCÍA, GONZALO RUÍZ**
**PROCEDENCIA: BRASIL**

*PREMIO MYAU DE GUADALAJARA.*
*PREMIO STUARTINI.*
*PREMIO FESTICLOWN SAN FERNANDO.*
Voar é a esencia deste espectáculo. Unha proposta moi diferente a todo o que existe no mercado a día de hoxe. Unha incrible montaxe de trapecio volante que vos vai deixar coa boca aberta.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 60'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



CULTURACTIVA

# KANBAHIOTA
# La rueda

DIRECCIÓN: IRENE POVEDA
ELENCO: ROSSINA CASTELLI, ILIA MIÑA, DIANA PÁEZ, ABRAHAM PAVÓN, MIGUELO GARRIDO, MIGUEL BARRETO, JESÚS ROJAS “LÁPIZ” (MÚSICO), MARTA ERRA (COVER), JORDI MONTMANY (COVER)
PROCEDENCIA: BRASIL

Un berro de liberdade, unha chamada a derrotar a apatía, unha necesidade de espertar. E ningúen mellor que artistas do circo para demostrar que voar e soñar é posible. Só hai que atreverse a dar un salto mortal.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50’

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



# COL.LECTIU F.R.E.N.E.T.I.C

## Save the Temazo

**DIRECCIÓN: JIMENA CAVALLETTI**
**ELENCO: GONZALO SANTAMARÍA, JIMENA CAVALLETTI, MARILÉN RIBOT, RAUL GARCÍA, SUSO IVERNON, MATÍAS MARRÉ**
**PROCEDENCIA: VALENCIA**

*MELLOR ARTISTA DE CIRCO NOS PREMIOS VALENCIANOS DE ARTES ESCÉNICAS 2020*

Un espectáculo tremendamente divertido, atrevido e sorprendente. Este proxecto mestura ficción, realidade e circo. Trapecio voante, roda Cyr, danza vertical, o salto á piscina máis pequena do mundo, equilibrio sobre botellas e manipulación de obxectos son algúns dos elementos principais desta creación, que ten á música como motor e fío condutor.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO



# VOL'E TEMPS
## DistanS

**DIRECCIÓN: VOL'E TEMPS**
**ELENCO: SARA ORTIZ, ALBERT MONCUNILL FERRER**
**PROCEDENCIA: ANDALUCÍA**

*PREMIO FETEN 2019*
*PREMIO LORCA ESPECTACULO DE CIRCO 2019*
*PREMIOS PACA MELLOR DIRECCION, MELLOR POSTA EN ESCEA E MELLOR ARTISTA MASCULINO*

Un pacto, un código secreto, unha cápsula do tempo, unha promesa... Dentro de vinte anos no mesmo sitio á mesma hora. A vella casa da árbore onde os dous amigos compartían as súas tardes de ocio entre xogos, risas, fantasías e complicidade. O tempo pasa e a distancia é inevitable pero non ten que supor o esquecemento. Un espectáculo imprescindible que destaca pola súa excelencia, excelencia técnica, escenográfica, acrobática e humorística.

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

# LA BANDA
## Kimera

**DIRECCIÓN: JOSERRA MARTÍNEZ**
**ELENCO: IZASKUN LASARTE, TXETXU COLLADO, NANO NAPAL**
**PROCEDENCIA: NAVARRA**

Un peirao de carga, persoas que traballan, pasan ou chegan en busca dunha vida mellor. Kimera plantéxanos unha mirada á sociedade actual; quere mostrarnos a fraxilidade desas pequenas cousas que fan grandes ás persoas. Invítanos a pensar no motivo que move a tanta xente a deixalo todo para ir a un lugar descoñecido. Desamparados, sen relacións, onde o futuro, por moi incerto que sexa ou por moi escuro que pareza, sempre é máis esperanzador que o lugar de orixe.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50’**

+INFO >VÍDEO



NOVIDADE N NOVIDADE

CULTURACTIVA

# CIRCO NO ATO
## Se der corda

**DIRECCIÓN: CIRCO NO ATO, ROBERTO MAGRO**
**ELENCO: CAROL COSTA, CÁSSIA CRISTINA, LUÍS FERNANDO MARTINS, MÁRIO MARTINS, NATÁSSIA VELLO, RAFAEL GARRIDO, RODRIGO CERIBELLI**
**PROCEDENCIA: BRASIL**

Entre cordas, acordes e acrobacias, unha tropa en estado de xogo, risa e creación envolve a todo o público nunha roda viva. O espectáculo fala da grandiosidade do que é sinxelo e inxénuo, da amizade como forza motriz da creación.

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



CULTURACTIVA

# LA FINESTRA
## Royal circ

**DIRECCIÓN: OLGA OSUNA**
**ELENCO: OLGA OSUNA, ALBERTO VIDAL**
**PROCEDENCIA: VALENCIA**

Dous personaxes de circo antigo, cansados da súa vida errante, buscan un lugar onde instalar definitivamente o seu pequeno circo ambulante. Durante a súa procura, levarán o seu peculiar espectáculo de malabares, humor, equilibrios, música e acrobacias a cada recuncho, descubrindo que cada sitio onde actúan é bo para quedarse.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 55'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



# LA FINESTRA
## Tranvía Nº 12

**DIRECCIÓN: PABLO MENEU**
**ELENCO: ALBERTO VIDAL, VENTURA CANO, ELENA DONZEL, DAVID SESSAREGO, DAYNÉ ÁLVAREZ**
**PROCEDENCIA: VALENCIA**

Cinco personaxes diferentes reúnense nunha peculiar parada dun antigo tranvía, están nerviosos, desprazados, só teñen unha cousa en común... agardan. Descubrirán que teñen en común moito talento, creatividade, o circo, o sentido do humor ante a vida e a súa peculiar resiliencia.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 60'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS




CULTURACTIVA

# CÍA MALABO
## Oniricus

**DIRECCIÓN: JES MARTIN'S**
**ELENCO: SERGIO CHAVES Y MARISA IBÁÑEZ**
**PROCEDENCIA: VALENCIA**

Dous mozos surrealistas e tolos do circo, que soñan con converterse algún día en verdadeiros artistas, enfrontan o desafiuzamento do circo italiano para o que traballan. Sós diante da vida, deciden fuxir e rendirse, pero... e se son eles os que deciden asumir o papel principal?

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 60'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



# COMEDIA DE*SASTRE

## Todo lo que sepo

**DIRECCIÓN: GABRIEL PÁEZ**
**ELENCO: KALIMA DEL DRAGOO, LOLO GUAYOTA**
**PROCEDENCIA: ILLAS CANARIAS**

Margarito e Manolita son dous curmáns peculiares. El é metódico, estudoso e está en plena investigación segreda sobre as mensaxes ocultas dos contos tradicionais. Ela é a súa antítese, traste, despisttada e con ganas de xogar. Xuntos acaban mergullados nunha aventura disparatada, cambiando os contos tradicionais.

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



# AMONTONADOS POR AZAR
## H2Olga

**ELENCO: LUCAS GAILLARDOU, LOLA MARCO, PABLO CENSI**
**PROCEDENCIA: ARGENTINA**

Tres personaxes buscan a solución aos seus defectos nunha botica abandonada no medio da rúa. Un espectáculo que combina a actuación coas acrobacias máis asombrosas, para todos os públicos.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

# TROTAMUNDOS
## Historias de un baúl

**DIRECCIÓN: TXEFO RODRÍGUEZ**
**ELENCO: MAILEN MANSILLA, LUCIANO MEZZOTERO**
**PROCEDENCIA: ARGENTINA**

Historias de un Baúl, é a historia de Fidel e Capulita. Dous entrañables personaxes, viaxeiros, circenses, soñadores e compañeiros que van pola vida cun antigo Baúl ao lombo. Sempre dispostos, preparados para o grande momento de atopar un novo público ao que abraiar e divertir.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 55’**

+INFO >VÍDEO



# TCHYMINIGAGUA
## Animación de rúa

**PROCEDENCIA: COLOMBIA**

Tchyminigagua son historia do circo. 25 anos de compromiso e unha das mellores escolas de circo e acción social. Ademais de espectáculos e pasarúas sorprendentes a nivel técnico e visual.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: ANIMACIÓN DE RÚA**
**DURACIÓN: 60’**

+INFO >VÍDEO




CULTURACTIVA

# DJUGGLEDY

PROCEDENCIA: ALEMAÑA
PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 45'

+INFO >VÍDEO



# ANDY SNATCH

PROCEDENCIA: ALEMAÑA
PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 40'

+INFO >VÍDEO



# DADO

PROCEDENCIA: CANADÁ
PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CLOWN
DURACIÓN: 55'

+INFO >VÍDEO



# BERGAMOTTO CLOWN

PROCEDENCIA: ITALIA
PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CLOWN
DURACIÓN: 45'

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

# JAM
# Le Voyage

**DIRECCIÓN: JAUME JOVÉ**
**ELENCO: JAUME JOVÉ**
**PROCEDENCIA: CATALUÑA**

Con “Le Voyage”, JAM pon o foco nas persoas refuxiadas e migrantes, na viaxe que deben emprender cara unha nova vida. Unha reflexión profunda sobre un colectivo invisible, invisibilizado e deshumanizado. JAM pon sobre o escenario toda a súa experiencia humorística como clown para sacudir emocionalmente ao espectador.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 50’**

+INFO  >VÍDEO  +ESPECTÁCULOS



# EDDY EIGHTY

## 80´s

**DIRECCIÓN: JIMENA CAVALETTI**
**ELENCO: GONZALO SANTAMARÍA**
**PROCEDENCIA: VALENCIA**

*PREMIO DO PUBLICO NO FESTICLOWN 2021*

“Só temos que volver atrás e escoitar o que nos dixeron os 80” De pai domador de focas e nai costureira, Eddy Eighty criouse viaxando dende moi novo e sempre tivo un soño: levar a música dos 80 ao mundo do circo. Ao longo desta tenra historia o noso protagonista con técnicas como os equilibrios, malabares, verticais, danza... sorprenderá ao público creando un ambiente de humor, amor e participación.

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50’**

+INFO >VÍDEO



# JAVI JAVICHI

## Plato, platito, platete

**ELENCO: JAVI JAVICHY**
**PROCEDENCIA: MADRID**

*1º PREMIO NO FESTICLOWN 2005, FESTIVAL INTERNACIONAL DE CLOWN DE GALICIA.*
*L BEST ACT IN ALEMANIA INTERNACIONAL THEATRE FESTIVAL IN LANDSHUT 2007 .*
*PREMIO DEL PUBLICO AL MEJOR ESPECTACULO FESTIVAL DE ARTISTAS DE STRADA DE ASCONA (SUIZA) 2009.*

Tras vinte anos de espectáculos por todo o mundo, nesta produción, o showman Javi Javichy busca a risa en todo momento, utilizando os gags máis clásicos combinando rutinas de circo con pratos de porcelana, chapeus, caixas de puros, e acabando cun arriscado numero de rulo americano que non deixará indiferente a nenos e nenas nin a maiores.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

# XABI LARREA
## UP!!

**DIRECCIÓN: GOTZON MUGIKA**
**ELENCO: XABI LARREA**
**PROCEDENCIA: EUSKADI**

“A vida é demasiado curta para estar serio todo o tempo” “Se non podes rir de ti mesmo, chámame, eu rireime de ti!”. Cun ton provocativo e certo grao de tolemia, improvísase con obxectos cotiáns xogando cos límites da gravidade. Aproveitando a linguaxe de rúa como medio de comunicación co público preséntasenos un espectáculo divertido, visual, impactante e cheo de frescura.

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 45’**

+INFO >VÍDEO



# MÁXIMO ÓPTIMO

## Máximo Óptimo

**DIRECCIÓN: HERNÁN HENÉ**
**ELENCO: ANTÓN FERNÁNDEZ**
**PROCEDENCIA: MADRID**

Máximo Óptimo é o bufón máis famoso da rúa. Un mestre da arte da improvisación. Non hai circo sen risco e Máximo lévao ao extremo. Un humor provocador que fai rir á vez que conmove a nenos, nenas, familias e maiores. Un artista que non deixa a ninguén indiferente facendo partícipe ao seu público do espectáculo. Máximo faise querer e déixase levar sen complexos; o neno medoso que todos levamos dentro encontrará no reto o valor para afrontarlo. Se non coñeces a Máximo Óptimo é que aínda non gozaches dun bo espectáculo de rúa.

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: CIRCO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO



# LA PULPA
## Bombea

**DIRECCIÓN: LA PULPA**
**ELENCO: LA PULPA**
**PROCEDENCIA: CATALUÑA**

“O importante non é o camiño, senón con quen pelas as patacas”, di o Presidente Vistaro nesta conferencia cómica chamada “¡Bombea!”. A súa compañeira Esperanza, unha encantadora e xigantesca égua troyana, sorpréndenos coa súa cola de catapulta, os seus efectos de chispas e ata cunha cociña portátil!

**PÚBLICO: FAMILIAR**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 50’**

+INFO >VÍDEO



# PABLO MUÑOZ
## Aakarshaak

**DIRECCIÓN: IVÁN PRADO**
**ELENCO: PABLO MUÑOZ**
**PROCEDENCIA: ANDALUCÍA**

Unha lección maxistral de como debe comportarse un "superstar" no escenario, creando situacións tan absurdas como divertidas e interactuando co público.

**PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS**
**ESTILO: MAXIA**
**DURACIÓN: 60'**

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



# DAVID ACERA
## Brujas

**DIRECCIÓN: OLGA CHURCHICH, DAVID ACERA**
**ELENCO: DAVID ACERA**
**PROCEDENCIA: ASTURIAS**

David Acera é o máis destacado contador da veciña Asturias. Un narrador excelente que debulla contos que sempre levan aparelladas importantes ensinanzas e valores sociais.
En Brujas, un viaxeiro chega a unha abarrotada praza dun pobo. Ao longo do espectáculo o público irá respondendo a enigmas sobre bruxas: Como lles gustan máis os nenos, con sal e pemento ou cunha salsa ao queixo roquefort? Son malvadas? A que adican o tempo libre?

**PÚBLICO: INFANTIL**
**ESTILO: TEATRO**
**DURACIÓN: 50'**

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836